



Concellería de
Turismo,
deporte
e relacións
institucionais



TRAIL DA BAÑA

O Clube BJ SPORTS TEAM organiza xunto co Concello Da Baña a IX edición do TRAIL DA BAÑA 2026 , o domingo 27 de setembro de 2026 a partir das 9.45 horas, constando de dúas probas de carreira oficiais para o Ranking Galego, puntuables como SERIE OURO.

A proba entra dentro da especialidade atlética do **Trail Running** e estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo. En adultos disputarase sobre 3 distancias de Trail: 28, 18 e 8 km aprox.; estando aberta a proba de 8 km a categorías inferiores a partir de 14 anos cumpridos contando tamén cunha camiñada de 8 km aprox. parcialmente coincidente con esta última distancia

A proba rexirase polo seguinte regulamento:

Artigo 1. Lugar de SAIDA de todas as probas:

As probas terán a súa saída e chegada dende o Pavillón municipal de deportes

<https://www.google.es/maps/search/pabellon+polideportivo+de+a+ba%C3%B1a/@42.9607089,-8.7647751,17z?entry=ttu>

Artigo 2. Horarios e distancias.

HORA	PROBA	DISTANCIA	ANOS	CATEGORÍA	PRAZAS
09:45 h	LONGO	28 km aprox.	2008 e anteriores	ABSOLUTA	200
09:55 h	MEDIO	18 km aprox.	2008 e anteriores	ABSOLUTA	200
10:00 h	CURTO	8 km aprox.	2012 e anteriores	ABSOLUTA E PROMOCIÓN	200
10.05 h	CAMIÑADA	8 km aprox.	2014 e anteriores	NON COMPETITIVA	150

As distancias e desniveis exactos, así como os tracks de cada proba publicaranse un mes antes da data da proba, unha vez validados tódolos circuitos pola FGA.

Tódolos deportistas das probas de carreira deberán pasar por cámara de chamadas ata 5 minutos antes da saída. Será responsabilidade do deportista cumprir este horario.

Dispoñeranse de caixóns de saída para cada proba sendo obrigatorio respectar os mesmos.

Artigo 3. Límite de prazas.

Establecerase, tal e como indica o cadro de horarios presente neste regulamento, un límite de prazas en cada modalidade de Trail e Camiñada.

Unha vez se chegue a esas cifras na inscrición, percharase á mesma en cada carreira programada.

Artigo 4. Categorías de competición.

CATEGORÍAS INDIVIDUAIS PARA AS DISTANCIAS DE TRAIL LONGO e TRAIL MEDIO

CATEGORIA	ANOS DE NACEMENTO
SENIOR MASC / FMNO	De 2008 ate Master
MASTER 1 MASC / FMNO	Nados entre 1986 e 1971
MASTER 2 MASC / FMNO	Nados entre 1970 e anteriores
ABSOLUTA MASC / FMNO	Calquera das categorías anteriores

CATEGORÍAS INDIVIDUAIS PARA AS DISTANCIAS DE TRAIL CURO

CATEGORIA	ANOS DE NACEMENTO
SUB 20	2007 – 2008
SUB 18	2009 – 2010
SUB 16	2011 – 2012
SENIOR	2006 e anteriores
ABSOLUTA	Calquera das categorías anteriores

CAMIÑADA (NON COMPETITIVA): 2013 e anteriores.

Non se establecerán categorías de participación. Os menores de idade terán que ir acompañados en todo momento por un adulto maior de 18 anos. A idade mínima de participación será de 12 anos.

Artigo 4.1 – RANKING GALEGO DE TRAIL RUNNING:

Proba puntuable como SERIE OURO, bonificando X5 a puntuación obtida

RANKING DE CLUBS: PROBA puntuable para o Ranking de Clubs, sumándose a puntuación individual, debendo finalizar 3 homes ou 3 mulleres na respectiva competición.

DISTANCIA 28K: Ranking Classic Sub 23, Absoluto e Master

DISTANCIA 28K: RANKING DE CLUBS ABSOLUTO

DISTANCIA 8K: Ranking Preclassic Sub 20, Sub18 e Sub 16.

DISTANCIA 8K: RANKING DE CLUBS PROMOCIÓN

Artigo 5. PARTICIPACIÓN E SEGURO / LICENZA DE DÍA

Nesta proba poderá participar calquera deportista sexa ou non federado. Todos os participantes inscritos no prazo preciso correrán cunha licenza de día de Trail Running que incluíra un seguro de accidentes deportivos e de responsabilidade civil. As probas estarán federadas no deporte de atletismo na especialidade de **TRAIL RUNNING**, polo cal os deportistas federados polo deporte do atletismo estarán cubertos polo seguro da súa correspondente licenza. Para o resto de participantes suscribírase un seguro (licenza de día).

Artigo 6. DISTANCIAS, DESNIVEIS e TEMPOS MÁXIMOS DE REALIZACIÓN DA PROBA NOS TRAILS E ANDAINA:

PROBA	DISTANCIA	TEMPO MÁXIMO
LONGO	28 km aprox.	4,5h
MEDIO	18 km aprox.	3h
CURTO	8 km aprox.	2h
Camiñada	8 km aprox.	3h

Tempo de corte: Establécese segundo a táboa anterior. A maiores, a organización determinará e publicará na web oficial de inscricións da proba o lugar e tempo de corte nos puntos intermedios de cada proba atendendo a criterios de proporcionalidade e seguridade dos deportistas participantes.

As indicacións da organización respecto de tempos de corte, retiradas ou calquera situación de diversa índole serán de obrigado cumprimento para tódolos participantes.

As andainas estarán auxiliadas por membros da organización no percorrido, e nunca se poderá abandonar dito percorrido se non está autorizado polo responsable organizativo, xa que hai partes comúns coas outras probas e pode xerar confusión ou accidentes.

É responsabilidade de cada participante seguir na ruta correcta da etapa, para o cal a organización sinalará con todos os medios dispoñibles os enclaves conflictivos de cada unha das etapas. Será motivo de descalificación non seguir o trazado designado ou saltarse os controis de paso, así como detectar recortes no percorrido. A organización reservase a posibilidade de cancelación por causa xustificada e tamén o cambio de datas e lugares de celebración, o cal será sempre comunicado con antelación, salvo que se teña que suspender o mesmo fin de semana por causas climatolóxicas ou xustificadas, neste último caso non habrá dereito a devolución da inscrición.

Artigo 7. INSCRICIÓNS. PREZOS E PRAZOS

As inscricións realizaranse a través da páxina web www.carreirasgalegas.com

-  **APERTURA DE INSCRICIONS:** mércores 15 de xullo de 2026 ás 14:00 h
-  **PECHE DE INSCRICIONS:** martes 22 de setembro de 2026 ás 23.59 h
-  **PREZOS DA INSCRICION:**
 - LONGO – 28K: 15 €
 - MEDIO – 18K :12 €
 - CURTO – 8K :10 €
 - ANDAINA: 5 €

Artigo 8. RECOLLIDA DE DORSAIS

Os dorsais retiraranse na secretaría da organización situada na Casa do Concello (Praza do Concello, San Vicente) o día anterior á carreira (sábado, 26 de setembro) en horario de 17:00 a 20:00 horas ou no mesmo día da carreira a partir das 08:15 ata media hora antes da proba correspondente.

Artigo 9. PREMIOS E AGASALLOS

Estableceranse ademáis os seguintes premios e agasallos:

- Premios aos 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento, a excepción do trail curto onde so hai premiación para sub -20, sub -18, sub-16
- Premios aos 3 primeiros clubs federados da clasificación do Trail Longo.
- Premio ao club máis numeroso no Trail (abrange tódalas distancias competitivas).
- Premio aos primeiros/as clasificados/as como locais do Val de Barcala (Negreira – A Baña)

Agasallo técnico pola súa participación tanto para os participantes no Trail como na Andaina (poderán recollelo xunto o dorsal de competición)

- A entrega de premios realizarase a partir das 13:30 horas aproximadamente No pavillón municipal de deportes unha vez validados os resultados polo Xuiz Árbitro
- Premios NON acumulativos.

Artigo 10. SERVIZO DE DUCHAS e VESTIARIOS

Porase a disposición dos participantes un servizo de duchas na instalación do pavillón de San Vicente

<https://www.google.es/maps/search/pabellon+polideportivo+de+a+ba%C3%B1a/@42.9607089,-8.7647751,17z?entry=ttu>



Artigo 11. ABASTECIMENTOS

Tanto os puntos de abastecemento como o percorrido serán publicados 1 mes antes da celebración da proba

A asistencia externa a calquera deportista durante a competición non estará permitida

As zonas de abastecemento estarán acotadas en inicio e fin. Non estará permitido abandonar o abastecemento con ningún tipo de residuo do mesmo, incluídas as posibles 'codias' de froita como poden ser mondas de plátano ou laranxa.

Artigo 12.- MATERIAL OBRIGATORIO

O material estará revisado polo comité galego de xuíces, podendo facerse total ou parcialmente en saída, meta ou durante o percorrido.

O uso de auriculares ou elementos de igual índole non está permitido.

As penalizacións e descalificacións sobre o material obrigatorio serán as oficiais do REGULAMENTO DO RANKING GALEGO DE TRAILRUNNING

***LISTAXE DE MATERIAL OBRIGATORIO:**

Dorsal visible na parte frontal

Manta térmica

Teléfono móvil (operativo)

Sistema de hidratación (só Trail longo e medio)

***LISTAXE DE MATERIAL RECOMENDADO:**

Curtaventos ou chaqueta impermeable

Chifre

***IMPORTANTE:** A organización publicará ata un máximo de 5 días antes o material obrigatorio definitivo, podendo pasar o recomendado a ser obrigatorio en función da meteoroloxía prevista.

Artigo 13. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

O Concello Da Baña publicará a información de accesos para tódolos participantes facilitando os accesos a recollida de dorsais, saída, meta e zonas de paso intermedias. Tamén se facilitará a información de transporte público.

O evento conta con proxecto de percorrido alternativo e plan de evacuación ante calquera imprevisto, sendo obrigatorio cumprir as indicacións correspondentes por parte dos participantes.

O plan de xestión de residuos e protección ambiental do Trail Da Baña garantiza un uso responsable do medio natural e a preservación do mesmo así como a correcta distribución de calquera residuo ou material empregado para a realización do evento.

Artigo 14. CONSIDERACIÓN FINAL

Esta proba pertence ao calendario oficial de probas da Federación Galega de Atletismo. As reclamacións aos resultados oficiais realizaranse ao Xuiz Árbitro da Competición non máis tarde de 30' despois da publicación dos mesmos.

Todo o non recollido no presente reglamento rexirase polas normas da FGA, RFEA e WORLD ATHLETICS para probas de Trail Running.

RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade. A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

LOPD

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet oficiais.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante asúa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de Trail running. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida A Coruña.